



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificación

M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

CERTIFICADO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 30 de setembro de 2021, adoptouse o acordo seguinte:

"Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudio de Detalle da Zona 2 do Plan Especial de Reforma Interior do POL-24 "O Paraíso"

"O obxecto do Estudo de Detalle é a mellora da implantación do conxunto edificado proposto, mellorando a orientación das vivendas e a integración das mesmas coa vexetación existente.

A proposta consiste na modificación da implantación dos volumes edificatorios modificando as liñas de ocupación en planta baixa, alta e baixo cuberta, reaxustado lixeiramente as cotas de implantación de ditos volumes, debido o seu cambio de situación respecto ao PERI aprobado, para mellorar a súa implantación adaptándose á rasante do terreo natural existente.

O Estudo de Detalle mantén as aliñacións e as rasantes exteriores da parcela inalteradas, non modificando a edificabilidade máxima permitida (1.750,00 m²), nin o número máximo de vivendas (7), nin as condicións de ocupación máxima, definidas no PERI e no proxecto de reparcelación aprobados.

O ámbito do estudo de detalle inclúe a parcela P1 (de referencia catastral 1477861NH5917N0001FD) do Proxecto de Reparcelación do POL-24, aprobado definitivamente en data 08.08.2019, zona 2 do Plan Especial de Reforma interior POL-24 "O Paraíso", aprobado definitivamente en data 23.05.2019.

O promotor é EL PARAISO HOMES & VILLAGES S.L.

Por Decreto da Alcaldía nº 2021003295 do 05.07.2021 aprobouse inicialmente o ESTUDIO DE DETALLE DA ZONA 2 DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO POL-24 "O PARAISO", OLEIROS (Documento R.E. Nº 2021011359 do 30.06.2021) coa seguinte condición:

- Debe presentarse o anexo 9 firmado dixitalmente e coa firma dos técnicos redactores.
- Deben incluírse no CD os arquivos vectoriais, de acordo ó artigo 14.4 das NTPUG que indica que "Como parte da documentación gráfica en formato dixital editable, requírese a achega dos arquivos de proxecto do documento (.mxd, .qgs,...), a partir dos cales se xere o documento en formato non editable (PDF) e a fonte de datos (.shp, .gpkg, .gdb, .mdb, .gml, .jpg, .tiff, .pdf, .png...) empregada para a súa elaboración. Esta documentación organizarase en carpetas segundo as indicacións do anexo 4 destas normas técnicas.
- Debe presentarse un CD contendo adicionalmente os arquivos vectoriais indicados no apartado 2.

Someteuse o expediente a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicou no Diario Oficial de Galicia nº 132 do 13.07.2021 e na Voz de Galicia do 13.07.2021. Nos se presentou alegación algunha.

Tamén se notificou a EL PARAISO HOMES & VILLAGES S.L. e ao equipo redactor.

Fernández Carballada presentou en formato dixital o ESTUDIO DE DETALLE DA ZONA 2 DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO POL-24 "O PARAÍSO", OLEIROS (Documento R.E. Nº 2021011998 do 09.07.2021). O arquitecto municipal emitiu informe favorable o 19.08.2021 concluíndo que o CD presentado contén a totalidade da documentación, tanto en pdf como en ficheiros editables, e cos arquivos vectoriais indicados.

Por isto propónse ao Concello Pleno que adopte **ACORDO** co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Aprobado definitivamente o ESTUDIO DE DETALLE DA ZONA 2 DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO POL-24 "O PARAÍSO", OLEIROS (Documento R.E. Nº 2021011359 do 30.06.2021 e documento dixital R.E. Nº 2021011998 do 09.07.2021).



**CONCELLO DE
OLEIROS**

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento R.E. Nº 2021011359 do 30.06.2021 e documento dixital R.E. Nº 2021011998 do 09.07.2021.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4 de ORDENACION URBANISTICA PROPUESTA, páxinas 12 a 18 (ambas as dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

SEPTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o art. 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), coa advertencia á que a fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sinalada sesión; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figuran nas sinaturas deste documento.